



CONCELLO DE LOBIOS

MINUTA DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENARIO MUNICIPAL
DO DÍA 29 DE DECEMBRO DO 2006.

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente

D. Benito Vázquez Vázquez.

Concelleiros:

D. Enrique López Álvarez.
D. Celso Paz León.
D. Jesús Rodríguez Rodríguez.
D. Antonio Estevez González
D. Juan Carlos Pérez Paz.
D. Xesús Deibe Fernández Simo

Non asisten:

D. Francisco Veloso González
D. Juan Manuel Ferreira Ferreira
D. José Álvarez Pereira
D. Antonio Pérez González

Secretario

D. Pablo Antonio Álvarez Martínez.

No salón de Sesións da Casa do Concello de Lobios, sendo as 20,10 horas do día 29 de decembro do 2006, reúnen, previamente convocados ó efecto, os señores á marxe relacionados, coa finalidade de celebrar Sesión Ordinaria do Plenario do Concello de Lobios. Estando presentes 6 dos 11 membros que de dereito e de feito integran a Corporación, o Sr. Presidente declara validamente constituído o Plenario; a Sesión estaba convocada para as oito da tarde, e non estando presentes máis que os seis Srs.. Concelleiros do Grupo Municipal do PP, a Presidencia dispuxo que se retrásase o inicio da Sesión en espera de que se incorporasen os Srs. concelleiros ausentes, concedendo un período de 10 minutos de espera; transcorridos estes 10 minutos, seguidamente pasase a considerar e no seu caso votar os asuntos ou expedientes que integran a Orde do Día, tal como consta na convocatoria desta Sesión, que se celebra en primeira convocatoria en acto público. O. Sr. Fdez. Simo incorpórase a Sesión cando se trataba o 3º punto da orde do día.

Por parte do sr. Concelleiro de Cultura D. Enrique López Álvarez, faise entrega neste intre ós Srs. Concelleiros para o ano 2007 e unha bolsa contendo artigos típicos do Nadal, tal como lle foron entregados ós funcionarios e empregados do Concello, e tamén a axenda do 2.007..

Previamente á consideración da Orde do Día o Sr. Alcalde da conta do seu decreto de data 21 do presente mes en virtude do que nesta Sesión actuará como Secretario habilitado para dar fe da mesma o funcionario laboral administrativo D. Pablo Antonio Álvarez Martínez,



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

debido a que a Secretaria habilitada disfruta dun período de vacacións entre o 27 do presente mes e o 5 de xaneiro do 2007.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 27 DE OUTUBRO E 2 DE DECEMBRO DO 2006.

Téndose remitido ós Srs. Concelleiros con anterioridade á convocatoria desta Sesión unha copia da minuta das actas das Sesións celebradas por este Plenario os días 27 de outubro (Sesión Ordinaria) e 2 de decembro (Sesión Extraordinaria), o Sr. Alcalde convida ós asistentes a que manifesten a súa conformidade, reparos ou observacións ós texto a propostos, sen que se produzan reparos ou observacións, polo que o Sr. Alcalde seguidamente somete a votación as minutas das Actas das Sesións indicadas que resultan aprobadas polo voto favorable dos seis membros da Corporación presentes neste intre.

2.- CONTA XERAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO ANO 2005.

De orde do Sr. Alcalde por parte do Sr. Secretario Habilitado informase á Corporación do trámite dado á conta relativa ó ano 2005, constando dictame da Comisión Informativa de Facenda e Contas logo que estivera disposición dos membros da Comisión e dos Concelleiros en xeral cos xustificantes das contas (mandamentos de ingreso e pago cos seus xustificantes, actas de arqueo mensuais, decreto de aprobación da liquidación certificación da Comisión Informativa de Facenda e Contas dictaminando favorablemente a conta), acreditación do sometemento a información pública do expediente da Conta e do resultado desta información pública acreditativa de que non se presentaron reclamacións.

Logo desta información o Sr. Alcalde convida ós presentes a que fagan as súas alegacións ó expediente da conta, de consideralo oportuno. Non habendo intervención de ningún dos membros da Corporación presentes nesta Sesión, o Sr. Alcalde somete a votación a aprobación da Conta Xeral do orzamento Municipal do ano 2005, conforme á documentación que integra a mesma e que consta no expediente, votando a favor da súa aprobación, na forma en que está rendida os seis Sr.a Concelleiros presentes nesta Sesión, polo que á vista desta votación o Sr. Alcalde declara que o Pleno do Concello por seis votos a favor e ningún en contra, nin abstencións, aprobou a Conta Xeral do Exercicio Económico do ano 2005.

3.- XUÍZ DE PAZ SUSTITUTO.

De orden del Sr. Alcalde por parte del Sr. Secretario procédese a dar lectura á proposta que formula a Alcaldía que resulta ser do seguinte teor literal:

“Dando cumprimento ó acordo da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, tramitouse expediente para proceder á proposta de elección de Xuíz de paz substituto, convocándose o procedente concurso que foi obxecto de información pública mediante edicto inserto no Boletín Oficial da Provincia do 23 de novembro do 2006, e un



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Bando feito público nos lugares de costume, anunciando que durante o prazo de 15 días, que rematou o día 15 do presente mes, puideran presentarse as solicitudes dos interesados este nomeamento, pero rematado este prazo non se presentou ningunha solicitude.

Por este motivo, e tal como se dispón no artigo 101.4 da Lei Orgánica 6/85, de primeiro de xullo, do Poder Xudicial, ó non haber ningún solicitante pode o Concello elevar proposta de nomeamento en favor de algunha persoa capacitada ou polo contrario comunicar á Sala de Goberno do Tribunal Superior que proceda directamente a este nomeamento.

Polo tanto o Pleno decidirá conforme ó seu propio criterio si se eleva algunha proposta ou se decide que sexa o propio Tribunal que faga o nomeamento que considere oportuno.”

Faise constar que neste intre, coa venia da Presidencia, incorpórase á Sesión o Sr. Fernández Simo, que desculpa o seu atraso con motivo da visita do Sr. Conselleiro de Medio Rural.

Seguidamente os Srs.. Concelleiros Paz León e Deibe Fernández Simo manifestan que ó non haber ningún solicitante, non debe ser o Pleno quen faga unha proposta de nomeamento, polo que á vista do exposto o Sr. Alcalde somete a votación a proposta de que sexa o propio Tribunal Superior que decida sobre este nomeamento de Xuíz de paz Substituto, proposta que resulta aceptada unanimemente polo Pleno, polo que deberase oficiar á Sala de Goberno do Tribunal Superior indicando que sexa quen decida este nomeamento.

4.- MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.

Tal como consta no expediente desta Sesión, sométense á consideración do Pleno as seguintes mocións presentadas en tempo e forma polo Sr. Cencelleiro Fernández Simo:

- a) A primeira das mocións solicita a posta en marcha dunha liña de transporte entre a capitalidade e as parroquias do Concello, propoñendo que cada unha das rutas teña unha frecuencia de dous días á semana con un custo máximo para os veciños de 1 euro, debendo de asumir o Concello o resto deste custo. Defende este Moción o Sr. Fernández Simo dicindo que o servizo demandado non é ningunha idea innovadora pois xa existe en moitos Concellos, indicando que no caso do noso Concello por tratarse de poboación moi envellecida sería algo moi necesario e ben acollido , e o único que necesitaría sería unha negociación coa empresa Anpian, rematando a súa intervención dicindo que a súa proposta resulta negociable. O Sr. Alcalde manifesta que entanto non se coñeza a viabilidade do proposto, dado que podería resultar unha controversia coa empresa concesionaria do servizo regular de transporte, e para que non pase o que sucedeu no Concello de Barbadás, o asunto debe ser obxecto de estudo para determinar se resulta posible economicamente, pois isto levaría consigo un custo relativo ós vehículos, mantemento dos mesmos, persoal, etc.. a proposta parécelle



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

loable, pero primeiro resulta necesario un estudio económico e ver si se entre ou non “en guerra” coa empresa concesionaria do servizo regular, propoñendo pospoñer a moción ata que se faga este estudio. Replica o Sr. Fernández Simo que lle parece oportuno negociar coa empresa que ademais sería a mais beneficiaria pola demanda que suporía este servizo. Á vista da proposta do Sr. Alcalde propón que se acepte un compromiso para que no prazo de dous meses, ou sexa, para o Pleno Ordinario de febreiro o Sr. Alcalde traga esta proposta co estudio económico indicado. Replica o Sr. Alcalde dicindo que parécelle ben iniciar estas xestións pero sen prazo determinado, sendo esta a proposta que fai o seu Grupo Municipal. Volve a tomar a palabra o Sr. Fernández Simo para dicir que se non se trae ó Pleno de Febreiro xa sería a vindeira Corporación que tería que propoñer a creación deste servizo, polo que mantén a súa postura de que se trate este asunto no prazo de dous meses. O Sr. Alcalde insiste en que realizárase a xestión o mais rápido posible, pero sen compromiso de prazo. Sometida a votación a proposta do Sr. Fernández Simo, isto é, o estudio económico previo e tratar este asunto no Pleno Ordinario de febreiro resulta rexeitada por ter o voto a favor do propoñente votando en contra os seis Concelleiros restantes. Por outra banda a proposta do Sr. Alcalde de que se fagan xestións coa empresa concesionaria e o correspondente estudio económico pero sen fixar prazo de presentación ante o Pleno, resulta aprobada polos seis votos do grupo Municipal do PP e a abstención do Sr. Fernández Simo.

- b) A seguinte moción refírese ó vello Pavillón municipal de Lobios que está nun estado lamentable, anegado de auga e con alto risco de caída de parte do tellado, propoñendo que se realicen coa máxima celeridade as obras de remate do novo Pavillón para a súa posta en funcionamento ó tempo que solicita se realicen os traballos pertinentes para que no actual Pavillón se poida realizar deporte en condicións aceptables. Defende este moción o Sr. Fernández Simo expoñendo a inquietude que a seu xuízo manifesta a xuventude de Lobios, usuaria do vello Pavillón, con risco de que en calquera momento poida sufrir na súa cuberta algún deterioro e posible desprendemento dunha das súas chapas que a conforman. A súa moción ten un dobre sentido: buscar un uso aceptable para o vello pavillón, polo que procede o seu arranxo mentres non se remate o novo e por outra banda o novo Pavillón sexa inaugurado coa maior celeridade. O Sr. Alcalde manifesta que ve con fondo pesar o que esta pasando co vello pavillón. As obras do novo pavillón avanza adecuadamente e vai resultar un pavillón extraordinario, pero por tratarse dunha obra adxudicada pola Deputación, o contratista adxudicatario dispón dun prazo de execución previsto no contrato, aínda que como a obra foi iniciada sen plan de seguridade, atrasouse en dous meses o inicio das mesmas. Polo que respecta ó vello, tódolos anos no inverno levántase o tellado e repoñelo ten un custo moi elevado. O Concelleiro de Obras D. Celso Paz León di que tódolos anos hai que renovar as chapas do tellado e D. Enrique López quere facer constar que esta obra resulta ser dunha herdanza recibida por esta Corporación. Toma a palabra o Sr. Fernández Simo para dicir que o pavillón de Lobios debe ter unha visión mais comarcal xa que non afecta só ós veciños de Lobios e el está aquí para trasladar o que os veciños lle prantexan, insistindo en que débese estudar a futura dedicación desta instalación, e entre tanto os técnicos do Concello realicen as tarefas de acondicionamento para que inmediatamente poidase practicar deporte nestas instalacións. O Sr. Alcalde responde



CONCELLO DE LOBIOS

dicindo que ata marzo – abril o novo pavillón non estará en condicións de ser utilizado e que no vello nen sequera se poden pechar as portas, xa que si se pechan en seguida as rompen polo que non paga a pena facer nel gastos de elevado custos ata que se decida o seu novo destino. Replica o Sr. Fernández Simo dicindo que con unha votación non se atende a unha demanda social aínda que el respecta as maiorías e que o sentido da súa moción é para que o vello pavillón se poida utilizar en condicións axeitadas para a práctica do deporte.

- c) Esta moción refírese á localización de terreos para a construción dun local social en Riocaldo, xa que no último Pleno Ordinario acordouse dar un prazo de dous meses ós representantes veciñais de Riocaldo para que presentasen propostas para a ubicacion do mesmo, proponendo a votación dos seguintes puntos: 1.- Ubicación final do centro. 2.- Aprobación da construción do Centro Social. O Sr. Alcalde toma a palabra para dicir que existe unha percepción diferente en cuanto ó tempo; é unha necesidade evidente o dispor dun local social nesa Parroquia e no Pleno anterior acordouse unha proposta sobre a súa posible localización, polo que solicitou dos veciños a súas propostas, e nun escrito presentado no Concello con data 21 de decembro presentaron as seguintes propostas, en zonas nas que se precisan, segundo a súa Normativa urbanística, alomenos 600 metros cadrados para construír:

- 1.- Dende a paraxe de Tralaponte en Vilameá (xunto da casa do Sr, Chelo ata a casa da Sra. Lola, paraxe denominada Veiga do Louro).
- 2.- Dende a paraxe denominada Veiga do Loura ata a casa da Sra. Pepa da Poza.
- 3.- Zona do local da antiga carpintería da familia Simoes, con concesión de 50 anos.
- 4.- Casa en construción da Sra.. M. Luz González Estevez, no camiño de A Nogueira, fronte ó Balneario.
- 5.- Terreo fronte ó Balneario do Sr. Julian de Ganceiros.
- 6.- Terreos municipais onde se ubica a actualmente a depuradora de Bubaces, proximamente a inutilizar.

En ningún destes paraxes resulta posible ubicar o Centro Social polos seguintes motivos:

- Na zona das fosa depuradora dos pobos de Vilameá, Baños, Bubaces e Torneiros resulta inundable;
- No terreo de D. Julián de Ganceiros, aínda non faláron con el, e que a casa que ten en construción no camiño “A Nogueira” fálase que pide por ela sobre uns 15 millóns de pesetas;
- No terreo da carpintería da familia Simoes, con concesión de 50 anos, para construír nel e preciso proceder o seu retranqueo, co cal non resulta viable o levar a cabo no mesmo a construción de dito local por non dispor de espazo suficiente para elo.
- Nos terreos do paraxe Veiga do Louro ata a casa da Sra. Pepa da Poza, é necesario chegar a coñecer o nome dos seus propietarios e se reúne as condicións necesarias para a ubicación nel a construción do dito centro social e se os mesmos están en boa disposición para vender;



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

-Respecto o paraxe de “Tralaponte” de Vilameá ata a casa do Sr. Chelo e a tamén casa da Sra. Lola, denominado Veiga do Louro, trátase dun terreo extenso pero para xuntar un mínimo de 600 metros cadrados habería que reunir a varias propiedades de titularidade distinta, sen que ata o momento non se chegara a un acordo con todos aqueles nos que eles consideran aptos para dito fin.

Prosigue o Sr. Alcalde dicindo que, polo tanto, non pode dicirse que non fixera xestión algunha respecto a construción do expresado centro social da Parroquia de Riocaldo.

Replica o Sr. Fernández Simo para dicir que en Sesión do 27 de outubro foi cando se decidiu este prazo de dous meses e o Sr. Alcalde iniciou a xestión no mes de decembro e os veciños tardaron seis días en dar a resposta; efectivamente algunha das propostas resultan inviables pero outras como o local da carpintería ou os terreos da paraxe denominado da “Veiga do Louro” puideran resultar axeitados. Debe terse en conta que esta mesma proposta xa foi feita hai mais de seis meses pero o Concello actuou moi lentamente o que demostra que temos conceptos diferentes do tempo.

En vista do exposto non existe votación posible.

- d). Ante o incremento das sanción de Tráfico e da Garda Civil que supón que os comerciantes da capitalidade do concello veñen soportando perdas, solicitando o Sr. Concelleiro proponente que o concello se solidarice publicamente cos veciños afectados remitíndose este acordo á Subdelegación do Goberno e que se inste a esta a actuar con maior inmediatez; defende a súa moción, o Sr. Fernández Simo manifestando que a situación dos comerciantes e hostaleiros non tiveron, ata agora, ningún problema pero ante o gran número de denuncias ultimamente feitas estáselle producindo sensibles perdas a estes industriais da capitalidade do Concello polo que parece unha obriga moral o pronunciamento do Concello mostrando a súa solidariedade cos afectados partindo do principio de que o legal non é o moral. Resposta o Sr. Alcalde dicindo que o escrito que presentaron os afectados envióselle xunto cun tamén escrito seu, acompañado dun croquis explicativo do tramo de vía en cuestión e posible solución o problema, da parada e estacionamento de vehículos automóbiles, á Subdelegación do Goberno estando á espera de que chegue a contestación ó mesmo por parte da Subdelegación do Goberno; e o certo é que dende fai uns días, segundo parece, non se formularon mais denuncias. Se o informe da Subdelegación do Goberno é positivo, moi ben e si é desfavorable sería entón o momento de pensar levar a cabo, tal como propuñan os comerciantes que se consideran agraviados por tales feitos da Garda Civil a por eles pretendida manifestación pública. Replica o Sr. Fernández Simo dicindo que el soamente solicita do Pleno que se manifeste a solidariedade cos afectados polo que se trata dun acto formal é simbólico para que os afectados se sintan amparados pola Institución Municipal. O Sr. Enrique López manifesta que é un tema que está suficientemente explicado polo Sr. Alcalde e que, pensa, encontrase en vías de solución e que a solidariedade que se solicita xa está demostrada polas xestións feitas polo Sr. Alcalde. Replica o Sr. Fernández Simo dicindo que “síntome incapaz de entenderme con vostedes”. De tódolos xeitos sométese a votación a solidariedade do Concello cos afectados sendo votada favorablemente por tódolos presentes.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

- e). A seguinte moción refírese a que no pasado mes realizouse unha corta de piñeiros nunha parcela municipal pero que tradicionalmente pertenceu ós veciños de Grou, sendo unha demanda veciñal decidir cal será a utilización dos cartos obtidos por dita corta, solicitando do Pleno que se atendan as demandas dos veciños de Grou para que sexan, como titulares morais desta propiedade, os que acorden o destino dos cartos en cuestión. O Sr. Alcalde resposta dicindo que esta moción vai ser rexeitada xa que se está a voltas co expediente e en tanto o mesmo non se remate non hai decisión algunha que tomar. O diñeiro está depositado nunha entidade bancaria de Lobios. Resposta o Sr. Deibe dicindo que: a) a titularidade é municipal, segundo a documentación que examinou e por tanto se non aparece outro documento o Concello é o titular do monte e por tanto da madeira. b) o disfrute dese diñeiro correspóndelle á parroquia de Grou. O Sr. Alcalde di que logo do por el indicado respecto o expediente que por tales feitos se está a instruír, non procede someter a votación a moción presentada.
- f). Refírese o Sr. Fernández Simo a que a asociación cultural “Sempre Grou” está traballando na presentación dun proxecto ante a Consellería de Cultura para a posta en marcha dun museo dedicado á figura do contrabandista e que a ubicación deste museo sería na coñecida como Casa da Piscina de Grou que na actualidade está sen uso, proponendo que Pleno acorde ceder o uso desas instalación á Asociación Cultural Noso Agarimo de Grou “Sempre Grou”, cunha aportación do 10% do custo total do proxecto, que segundo a súa estimación suporía uns 300,00 €. Resposta o Sr. Alcalde dicindo que o Grupo de Goberno está aberto a todo pero, neste caso, terase, previamente que coñecer o proxecto en si, así como a aportación económica exacta ou aproximada a facer polo Concello, polo que a propia Asociación deberá presentar unha petición debidamente documentada. A postura inicial é positiva pero que antes de proceder a toma dalgunha decisión sobre este tema é preciso coñecer o contido do proxecto: a Grou nunca se negou nada por esta Corporación. Por todo elo considera que non resulta preciso votación algunha.

5.- INFORMES DA ALCALDÍA.

O Sr. Alcalde quer poñer en coñecemento da Corporación a Sentencia dictada polo Xulgado do Contencioso- Administrativo nº 1 de Ourense en relación co Recurso Contencioso prantexado por D. Francisco Veloso González contra o punto 4º incluído na orde do día da Sesión extraordinaria do Pleno deste Concello do 31 de xullo do 2006, aprobando as contas dos anos 1999 e 2000, declarando a inadmisibilidade do recurso sen facer especial pronunciamento das costas, procedendo ó arquivo das actuacións.

Tamén da conta á Corporación da Sentencia dictada pola Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 26 de outubro do 2006 desestimando o recurso contencioso-administrativo contra a desestimación por silencio da reclamación indemnizatoria formulada polos recorrentes en concepto de responsabilidade patrimonial polo pasamento de D. Ádao Machado da Silva.



CONCELLO DE LOBIOS

6.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

De conformidade co disposto no art.. 42 do R.O.F. o Sr. Alcalde dispón que por parte da Sra. Secretaria dese sucinta conta á Corporación dos seus Decretos e Resolucións dictados dende a última Sesión Ordinaria do Pleno, que neste caso foi a do 27 de outubro pasado, e que son os seguintes:

Decreto de 31/10/06: Aprobación proxectos PEIM RURAL.

Decreto de 31/10/06: Licencia Bar Mesón Riocaldo, a favor de D^a Adelina Ferreira Rodríguez.

Decreto de 01/11/06: Gastos novembro 2.006.

Decreto de 14/11/06: Convocatoria Sesión da Comisión de Facenda e Contas 17-11-06.

Decreto de 14/11/06: Plan Seguridade obra 15 PB/06: PAVIMENTACION DE VIAS PUBLICAS EN LOBIOS, GROU E PORTAXE

Decreto de 14/11/06: Plan Seguridade obra 16 PB/06: PAVIMENTACION EN VIAS PUBLICAS EN RIOCALDO-COMPOSTELA.

Decreto de 17/11/06: Convocatoria Sesión da Xunta de Goberno día 20-11-06.

Decreto de 24/11/06: Convocatoria de Sesión Extraordinaria Pleno para o día 02/12/06.

Decreto de 24/11/06: Recurso Contencioso-Administrativo 399/2.006.

Decreto de 30/11/06: Modificación de crédito.

Decreto de 07/12/06: Convocatoria Sesión Xunta de Goberno para día 11/12/06.

Decreto de 21/12/06: Nomeamento como Secretario a Pablo Antonio Álvarez Martínez, por vacacións Secretaria.

Decreto de 26/12/06: Convocatoria sesión Pleno Ordinario día 29/12/06.

A Corporación dáse por enterada.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Fernández Simo prantexa as seguintes preguntas:

- ? Se está previsto formular unha moción sobre as augas de Riocaldo entendendo que debería crearse unha comisión entre os tres Grupos con representación municipal que permita darlle luz ó tema, para que exista cesión de parte do caudal ó Concello e definir un proxecto base que sexa un proxecto de todos para conquistar unhas termas abertas por tratarse dun proxecto común para tódolos veciños de Lobios, respostando o Sr. Alcalde que se remite ó punto sexto da orde do día da acta do 2 do presente mes de decembro, pero que non acepta a creación dunha comisión, pero



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

que cando o proxecto este ultimado se convocará a tódolos Concelleiros para que o vexan, e será antes do vindeiro mes de maio.

- ? Ubicación do futuro polígono industrial e si existe algunha proposta alternativa ó publicado nos medios de comunicación.
- ? Para cando vai ser a solución da casa da Escúsalla.
- ? ¿Cal é o custo do Boletín Informativo do Concello?.
- ? ¿Cal foi o custo da marquesiña de estacionamento de autobuses?.
- ? ¿Que se vai facer co embarcadoiro?.
- ? ¿Que se pensa do destino da casa dos cabalos?.

Á súa vez prantexa os seguintes rogos:

- ? Dado que os veciños de pazos de Grou queíxanse que para depositar o lixo teñen que subir moito, se se pode solventar esta queixa. Resposta o Sr. Estevez González que xa está resolto este problema.
- ? O Pozo de pacendo segue vertendo auga ó camiño polo que prega que trate de evitarse este vertido.

Seguidamente o Sr. Alcalde levanta a Sesión sendo as 22 horas e 30 minutos, de todo o que eu, o Secretario, certifico.